


NOTA DE PRENSA

Procuradores de Vigo recuperan poemas prohibidos de Celso Emilio Ferreiro

- O Colexio vigués rescata 10 poemas censurados do poeta
- Celso Emilio Ferreiro foi procurador en Vigo entre 1950 e 1966



Extracto del expediente de Celso Emilio Ferreiro, procurador. Punto GA / M. Riopa

30 de novembro de 2022. O Colexio de Procuradores de Vigo recupera dez poemas descoñecidos de Celso Emilio Ferreiro. Os dez textos, escritos por Celso Emilio Ferreiro orixinalmente en castelán, formaban parte da súa obra *Antipoemas*, pero foron censurados e retirados do libro en 1972 sen ser recuperados pola edición comercial. O compendio de poemas, elaborado de maneira artesanal polo xornalista, debuxante e pintor Xosé Sesto, mostra ao Celso Emilio máis reivindicativo baixo o título *Poemas Prohibidos*. Os procuradores de Vigo consideran un acto de xustiza darlle a luz aos dez poemas esquecidos e organizan unha lectura dos textos recuperados hoxe no Museo Marco de Vigo.



NOTA DE PRENSA

Celso Emilio Ferreiro exerceu de procurador en Vigo entre 1950 e 1966. A faceta de procurador do recoñecido escritor descubriuse tras o achado dun arquivo inédito do seu expediente profesional na cidade viguesa que permaneceu 70 anos no descoñecemento ata o 2020.

“Saber que Celso Emilio Ferreiro era un máis da nosa profesión foi unha sorpresa, pero recibir das mans da súa familia un poema descoñecido e que reflexiona sobre a Xustiza é un agasallo incalculable. Unha vez coñecemos o poema, indagamos na súa procedencia. É de xustiza sacar a luz poemas que no seu día foron censurados para que todos poidamos abraíarnos con este novo Celso Emilio que estamos a descubrir” explica José Antonio Fandiño, decano do Colexio de Procuradores de Vigo.

No acto celebrado en Vigo participaron procuradores e procuradoras na lectura dos poemas, así como o biógrafo e correspondente da Real Academia Galega, Ramón Nicolás, o director da Fundación Celso Emilio Ferreiro e fillo do poeta, Luis Ferreiro Loredó, e a presidenta do Consello da Cultura Galega, Rosario Álvarez.

Procurador pioneiro e de honra

En 2020, os procuradores de Vigo nomearon a Celso Emilio Ferreiro colexiado de honra pola súa figura polifacética como procurador e poeta, e a súa aportación á literatura galega. O nomeamento produciuse despois da descuberta por parte do Colexio de Procuradores de Vigo de máis de medio cento de documentos que desvelan a actividade de Celso Emilio Ferreiro como profesional da procura.

Si cada uno de nosotros
vale tanto como vosotros
y todos juntos, nosotros,
valemós máis que vosotros,
¿por qué en lugar de nosotros
habéis de ser vosotros
quien nos gobierne a nosotros?

Fuero Juzgo (1972).
Celso Emilio Ferreiro

Celso Emilio Ferreiro, que se instalou en Vigo en 1950, foi o colexiado número 18 dos procuradores vigueses, nunha época na que o colectivo estaba formado só por unha vintena de profesionais. Ferreiro formou parte da xunta de goberno como vogal e participou de xeito activo na redacción dos primeiros estatutos do Colexio, fundado en 1949.

Na actualidade, o Colexio de Procuradores de Vigo está formado por 143 profesionais que exercen nos xulgados de Vigo, Ponteareas, Porriño, Tui e Redondela.